

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 25 DE MARZO DE 2024

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D^a. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG)

D. Rubén Ríos Curbeira (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e catro, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os que integran o Pleno. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 29/01/2024

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á citada acta, con 10 votos a favor e 1 abstención do Sr. Fernández Ríos, motivada por a súa inasistencia á sesión. O Sr. Caaveiro Puentes quere facer constar que o arquivo audiovisual ten unha mala calidade de audio, ate o punto que non se chegan a entender as intervencións.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 1/2024 AO 6/2024

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA POR ACTUALIZACIÓN COEFICIENTES

O Pleno coñece o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, emitido en sesión de 18 de marzo de 2024, do seguinte tenor literal:

«ASUNTO: ACTUALIZACIÓN DOS COEFICIENTES DA ORDENANZA FISCAL N° 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

No artigo 4 da Ordenanza fiscal n° 2, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (BOP n° 104, de data do 2 de xuño de 2022 e corrección de erro no BOP n° 149, do 8 de agosto de 2022) regúlase a determinación da base imponible deste imposto segundo, en esencia, a multiplicación do valor do terreo no momento da devindicación polo coeficiente que corresponda ao período de xeración do incremento do seu valor. O n° 3 do precepto contén a táboa destes coeficientes para cada período de xeración e, a continuación, e en consonancia co disposto no artigo 107.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a previsión da súa actualización mediante norma con rango legal.

O artigo 24 do Real decreto-lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca, (BOE n° 310, do 28 de decembro de 2023) aprobou unha actualización dos coeficientes, que se aplicarán dende a entrada en vigor de dita Lei con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024. Así pois procede que se actualice tamén a ordenanza e que se axuste a ditos coeficientes.

Polo tanto, propónse que, previos os trámites oportunos, o Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Que se modifique o artigo 4.3 da Ordenanza fiscal n° 2, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no senso de substituír a táboa dos coeficientes a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, pola seguinte:

Período de xeración	Coficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,14
3 anos	0,14
4 anos	0,16
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,09
15 anos	0,09
16 anos	0,10
17 anos	0,13
18 anos	0,17
19 anos	0,23

<i>Igual ou superior a 20 anos</i>	<i>0,40</i>
------------------------------------	-------------

”.

-Sometido o asunto a votación, resultou ditaminado por maioría absoluta, a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

«Que se modifique o artigo 4.3 da Ordenanza fiscal nº 2, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no senso de substituír a táboa dos coeficientes a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, pola seguinte:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,14
3 anos	0,14
4 anos	0,16
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,09
15 anos	0,09
16 anos	0,10
17 anos	0,13
18 anos	0,17
19 anos	0,23
Igual ou superior a 20 anos	0,40

”.»

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Economía e Facenda, e, polo tanto, aprobar inicialmente a modificación proposta.

2º.- Someter o expediente a trámite de información pública por prazo de trinta días, a fin de que os interesados poidan examinalo, e formular as alegacións ou observacións que teñan por conveniente.

3º.- En caso de non formularse alegacións ou observacións en trámite de información pública, elevarase a definitivo o acordo ate entón provisional.

4º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, POR INCLUSIÓN DO RÉXIME DE AUTOLIQUIDACIÓN

O Pleno coñece o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, emitido en sesión de 18 de marzo de 2024, do seguinte tenor literal:

“ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO ICIO N° EXPEDIENTE EN TEdC: 2024/G016/000002

De acordo co previsto no artigo 103.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e en relación á xestión do ICIO, ven a establecerse que:

4. Los ayuntamientos podrán exigir este impuesto en régimen de autoliquidación. A fin de facer efectivo este precepto, no senso de regular o rexime de autoliquidación para o caso das comunicacións previas, dado que se trata de procedementos máis áxiles na tramitación deste tipo de expedientes, E tendo en conta que o Concello xa está a permitir este rexime de liquidación actualmente, co fin de darlle cobertura ao mesmo na Ordenanza Fiscal Municipal reguladora do ICIO, proponse modificar o artigo 5 da dita ordenanza, adicada á xestión deste imposto, no senso de que se incorporen na parte final do dito artigo os seguintes parágrafos:

ARTIGO 5.-Xestión.

4º No caso das comunicacións previas de obras procederase á autoliquidación da cota correspondente no momento de presentación de dita comunicación, cuxa carta de pagamento deberase presentar no momento de dar conta ó Concello das obras a realizar. Sen este requisito non poderá declararse completa a documentación presentada.

Si como resultado da inspección practicada polos servizos técnicos do Concello se comprobase que a base liquidable é superior á declarada polo interesado, practicarase unha liquidación complementaria; a diferenza da cota resultante, xunto cos recargos que corresponda, deberá ser abonada polo suxeito pasivo.

De acordo co previsto no artigo 17 do TRLRFL, unha vez aprobada esta modificación da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do ICIO, a mesma deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentado, e aprobando a redacción definitiva da modificación da Ordenanza. No caso de que non se tiveran presentado reclamación algunha, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

En todo caso, o texto íntegro da modificación aquí proposta da ordenanza fiscal nº 3 do Concello de Neda deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

O que se informa a fin que se adopten por parte do Pleno Municipal os acordos aquí mencionados”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o ditame transcrito da Comisión Informativa de Economía e Facenda, e, polo tanto, aprobar inicialmente a modificación proposta.

2º.- Someter o expediente a trámite de información pública por prazo de trinta días, a fin de que os interesados poidan examinalo, e formular as alegacións ou observacións que

teñan por conveniente.

3º.- En caso de non formularse alegacións ou observacións en trámite de información pública, elevarase a definitivo o acordo ate entón provisional.

5º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 03/2024

O Pleno coñece o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, emitido en sesión de 18 de marzo de 2024, do seguinte tenor literal:

«ASUNTO: RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2023, PRORROGADO AO EJERCICIO 2024 (EXPEDIENTE Nº 3/2024 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)

EXPEDIENTE EN TEDEC Nº: 2024/T003/000032

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de facturas rexistradas e correspondentes a servizos e/ou subministrados prestados e/ou realizados no exercicio 2023 ou incluso nun anterior; pero que non puideron ser obxecto de aprobación no mencionado exercicio, tal e como se detalle na Providencia de inicio deste expediente.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de evitar prexuízos económicos para o concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos nos que efectivamente se incorreu nos exercicios 2022 e 2023, pero que non puideron ser aplicados ao exercicio correspondente por non ser presentados polo proveedor con tempo suficiente para poder ser aprobados no dito exercicio,

E dado que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais. Así, e dentro de tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso;

Tendo en conta a xustificación das discrepancias manifestadas no informe da intervención municipal,

Esta alcaldía propón entón:

Primeiro.- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas que se relacionan a continuación, e que forman parte do EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2024, por un importe total de 14.890,46€:

APLICACIÓN	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL FACTURA	IMPORTE A APROBAR	
3321	22001	ARNOIA DISTRIBUCION DE LIBROS S.A.	ADQUISICION DE LIBROS DIVERSOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL	315,95	315,95
326	22799	AUTOS MORAN SL	SERVIZO DE TRANSPORTE EN 4 MICROBUSES DO ALUMNADO DOS CEIPs O 12-5-23 A ALBARON	396	396
326	22799	AUTOS MORAN SL	SERVIZO DE TRANSPORTE EN MIDIBUS O 1-6-23 DO ALUMNADO DOS CEIPs AO IES FERNANDO ESQUIO	165	165
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	2311,63	1.910,44
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA	2921,24	2.414,25

			FEBREIRO E MARZO 2022		
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	136,46	124,05
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	Rect.FACTURA FE20235103200339 ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA NOVIEMBRE 23	11,94	11,94
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	2540,38	2.099,49
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	723,04	657,31
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	1745,01	1.442,16
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	245,08	222,80
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	21,62	19,65
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	305,93	278,12
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	458,49	416,81
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	219,45	199,50
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	27,69	25,17
161	22101	EMAFESA	AUGA COTA VARIABLE POR CONSUMO AGOSTO 2023	330,94	330,94
161	22101	EMAFESA	AUGA COTA VARIABLE POR CONSUMO NOVIEMBRE 2023	292,52	292,52
450	22699	HIJOS DE JOSE LOSADA S.A.	SUBMINISTRO FORMIGON HM20/P/12/XC2 E FIBRA	638,88	638,88
432	22700	ROSA MARIA CASTRO MARTINEZ	SERVIZO LIMPEZA ALBERGUE DECEMBRO 2023-(26 DIAS)	692,12	692,12
432	22103	REPSOL BUTANO S.A.	SUBMINISTRO DE GAS PROPANO PARA ALBERGUE	2237,36	2237,36
TOTAL.....				16.736,73	14.890,46

Segundo.- Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello”..»

-Sometido o asunto a votación, resultou ditaminado por maioría absoluta, a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

«Primeiro.- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas que se relacionan a continuación, e que forman parte do EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2024, por un importe total de 14.890,46€:

APLICACIÓN	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	IMPORTE TOTAL FACTURA	IMPORTE A APROBAR	
3321	22001	ARNOIA DISTRIBUCION DE LIBROS S.A.	ADQUISICION DE LIBROS DIVERSOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL	315,95	315,95
326	22799	AUTOS MORAN SL	SERVIZO DE TRANSPORTE EN 4 MICROBUSES DO ALUMNADO DOS CEIPs O 12-5-23 A ALBARON	396	396
326	22799	AUTOS MORAN SL	SERVIZO DE TRANSPORTE EN MIDIBUS O 1-6-23 DO ALUMNADO DOS CEIPs AO IES FERNANDO ESQUIO	165	165
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	2311,63	1.910,44
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	2921,24	2.414,25
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	136,46	124,05
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	Rect.FACTURA FE20235103200339 ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA NOVIEMBRE 23	11,94	11,94
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	2540,38	2.099,49

165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	723,04	657,31
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	1745,01	1.442,16
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	245,08	222,80
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	21,62	19,65
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	305,93	278,12
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	458,49	416,81
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	219,45	199,50
165	22100	CIDE HCENERGIA S.A.	ENERXIA ELECTRICA ILUMINACION PUBLICA FEBREIRO E MARZO 2022	27,69	25,17
161	22101	EMAFESA	AUGA COTA VARIABLE POR CONSUMO AGOSTO 2023	330,94	330,94
161	22101	EMAFESA	AUGA COTA VARIABLE POR CONSUMO NOVIEMBRE 2023	292,52	292,52
450	22699	HIJOS DE JOSE LOSADA S.A.	SUBMINISTRO FORMIGON HM20/P/12/XC2 E FIBRA	638,88	638,88
432	22700	ROSA MARIA CASTRO MARTINEZ	SERVIZO LIMPEZA ALBERGUE DECEMBRO 2023-(26 DIAS)	692,12	692,12
432	22103	REPSOL BUTANO S.A.	SUBMINISTRO DE GAS PROPANO PARA ALBERGUE	2237,36	2237,36
TOTAL.....				16.736,73	14.890,46

Segundo.- Que a aprobación deste gasto dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.»

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación ao transcrito ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda.

6º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2023

O Pleno coñece e queda enterado da liquidación do orzamento, que se aprobou pola Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2024, mediante acordo do seguinte tenor literal:

“Neste apartado e de acordo co establecido nos artigos 191 e seguintes do **Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais** e nos artigos 89 e seguintes do R.D. 500/90 de 20 de abril, pásase a coñecemento da Xunta, a liquidación do Orzamento correspondente o ano 2022 a cal cumpre cos requisitos mencionados no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, no Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e a Orde HAP 1781/2013 de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo básico de contabilidade local, e que é comprensiva, entre outros, da Liquidación do Orzamento de Gastos, da Liquidación do Orzamento de Ingresos, do Resultado Orzamentario e do Remanente de Tesourería, tal e como se pode comprobar da análise da documentación que se achega e demais disposicións vixentes.

Visto entón o expediente da Liquidación do Orzamento ordinario correspondente o exercicio económico de 2023, informada pola Intervención Municipal, segundo o disposto no artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e vistos os documentos que a integran, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.-Darse por informada.

2º.-Prestar aprobación á liquidación do orzamento do exercicio de 2023 tal como se reflexa nos estados e demais documentación que presentan o seguinte detalle:

DATOS LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2023

1.- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	
Créditos orzamentarios iniciais	4.644.524,07
Modificacións orzamentarias	2.154.935,96
Créditos orzamentarios definitivos	6.799.460,03
Obrigas recoñecidas netas (netas)	5.647.756,25
Obrigas ptes. de ordenar o pago+ Ordes de pago pendentes	20.260,09

2.- ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	4.845.340,58
Modificacións	2.154.935,96
Previsións definitivas	7.000.276,54
Dereitos recoñecidos netos	5.216.210,60
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	388.335,17

3.- COMPARATIVA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2022-2023

GASTOS ORZAMENTARIOS	O.R.N 2023	O.R.N 2022	INGRESOS ORZAMENTARIOS	D.R.N 2023	D.R.N 2022
1. Gastos de persoal	1.209.054,30	978.658,35	1. Impostos directos	1.247.806,27	1.363.660,18
2. Gtos. bens corr. e serv.	3.676.126,59	3.322.697,69	2. Impostos indirectos	42.131,05	39.341,56
3. Gastos financeiros	2.547,80	2.756,35	3. Taxas outros ingresos	1.012.691,30	784.901,45
4. Transfer. Correntes	169.483,07	168.743,94	4. Transf. correntes	2.782.367,82	2.609.535,74
5. Fondo Contixencia	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	545,20	0,00
6. Inversións reais	583.102,36	290.591,89	6. Enaxen. invers. reais	0,00	0,00
7. Transfer. de capital	0,00	5.028,39	7. Transf. de capital	117.221,25	257.596,03
8. Activos financeiros	7.442,13	13.745,58	8. Activos financeiros	13.447,71	7.740,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	5.647.756,25	4.782.222,19	TOTAL	5.216.210,60	5.062.774,96

4.- RESULTADO ORZAMENTARIO 2023

CONCEPTO	DEREITOS NETOS	OBRIGAS NETAS	SALDO
Operacións correntes	5.085.541,64	5.057.211,76	28.329,88
Capítulo 6	0,00	583.102,36	-583.102,36
Capítulo 7	117.221,25	0,00	117.221,25
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS			-437.551,23
Activos Financeiros	13.447,71	7.442,13	6.005,58
Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS			6.005,58

RESULTADO ORZAMENTARIO TOTAL			-431.515,65
Desviacións negativas financiación (+)			+324.670,67
Desviacións positivas financiación (-)			- 169.043,99
Gtos. financiados con remanente líquido de tesourería			+ 299.327,14
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO			23.408,17

5.- ESTADO REMANENTE DE TESOURERÍA 2023

	2023	2022
1. (+) Fondos líquidos	1.061.683,27	1.595.404,61
2. (+) Debedores pendentes de cobro:	715.614,96	632.605,62
-De Pto. Corrente	388.335,17	370.873,15
-De Ptos. Pechados	327.105,56	260.776,00
-De operacións non presupostarias	174,23	956,47
3. (-) Acredores pendentes de pago:	262.317,01	310.601,06
-De Pto. Corrente	20.260,09	85.475,65
-De Ptos. Cerrados	95.441,08	95.441,08
-De operacións non presupostarias	146.615,84	129.684,33
4. (-) / (+) Partidas pendentes de aplicación:	-167.945,01	-139.091,22
(+) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	173.318,56	139.091,22
(-) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	0,00
5. Remanente de Tesourería Total	1.347.036,21	1.778.317,95
6. Saldos de dubidoso cobro	107.597,70	96.286,10
7. Exceso de Financiación Afectada	19.242,90	2.214,38
8. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.220.195,61	1.679.817,47

6.- EXECUCIÓN EJERCICIOS PECHADOS

A) DEREITOS PENDENTES DE COBRO

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 01-01-2023	631.649,15
Rectificación en dereitos pendentes de cobro durante o exercicio	+ 1.248,27
Dereitos anulados de exercicios pechados por anulación de liquidacións	984,36
Dereitos anulados por prescripción	0,00
Dereitos anulados por insolvencias e outras causas	0,00
Cobros durante o exercicio	304.807,50
Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados a 31-12-2023	327.105,56

B) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO

CONCEPTO	IMPORTE
Obrigas e pagos ordenados pdtes. pago exercicios pechados a 01-01-2023	180.916,73
Rectificación obrigas pdtes. e en pagos ordenados durante o exercicio	0,00
Prescripcións	0,00

Pagos durante o exercicio	85.475,65
Obrigas e pagos ordenados pdtes. pago de exerc. pechados a 31-12-2023	95.441,08

7.- DATOS DE AFORRO BRUTO E AFORRO NETO

CONCELLO DE NEDA			
LIQUIDACION DO ORZAMENTO XERAL ANO 2023			
CAPITULO			TOTALES
ESTADO DE INGRESOS			
1	IMPOSTOS DIRECTOS		1.247.806,27
2	IMPOSTOS INDIRECTOS		42.131,05
3	TASAS E OUTROS INGRESOS		1.012.691,30
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES		2.782.367,82
	a	SUMA DEREITOS LIQUIDADOS	5.084.996,44
ESTADO DE GASTOS			
1	GASTOS DE PERSONAL		1.209.054,30
2	GASTOS EN BENS CORRIENTES E SERVICIOS		3.676.126,59
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES		169.483,07
	b	SUMA OBLIGACIÓNS RECOÑECIDAS	5.054.663,96
	c	DIFERENCIA (a-b)	30.332,48
	d	ANUALIDAD TEORICA AMORTIZ.	36.609,57
		AFORRO NETO (c-d)	-6.277,09

8.- PORCENTAXE DE AFORRO NETO SOBRE OS DEREITOS RECOÑECIDOS POR OPERACIÓNS CORRIENTES

Resulta a seguinte porcentaxe: $- 6.277,09/5.085.541,64 = - 0,12\%$

9.- PORCENTAXE DA DÉBEDA VIVA A 31.12.2023 SOBRE OS DEREITOS RECOÑECIDOS POR OPERACIÓNS CORRIENTES

Resulta a seguinte porcentaxe: $366.095,69/5.085.541,64 = 7,20\%$

3º.-Dese conta deste expediente ao primeiro Pleno ordinario municipal que se celebre.”

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M

A portavoz do grupo municipal, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

“Exposición de motivos:

Cada 8 de marzo o movemento feminista internacional sae á rúa para reivindicar a igualdade de dereitos das mulleres conseguindo nos últimos anos desenvolver mobilizacións absolutamente históricas.

O apoio en Galiza a todas as mobilización feministas foi multitudinario, o que demostra a fortaleza do movemento feminista galego, por iso hoxe, desde aquí, desde o Concello de Neda facemos un chamado a todas as veciñas e veciños para que este ano tamén se conten por miles as persoas que esiximos a construción dunha sociedade máis xusta e se sumen ás convocatorias que se farán en toda a comarca.

Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se pode perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes. Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, do deporte ou das condicións das traballadoras que dependen de contratadas públicas.

Non só é necesario non dar un só paso atrás, senón que a Galiza que vén precisa pasos adiante para avanzar en igualdade, medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.

Ante a nova constitución do Parlamento Galego, é preciso sermos esixentes en materia de igualdade e esixir que as políticas públicas establezan o seu centro de gravidade nas reivindicacións do feminismo galego.

Polas que foron, polas que son e polas que serán. Para todas, todo.

Para o Concello de Neda traballar a prol dos dereitos das mulleres debe ser un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e seguiremos traballando nesa liña para conquistar a igualdade plena e aquí esta o BNG para reivindicar a necesidade de seguir loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ninguén queda atrás.

Por todo o exposto sometemos a debate e votación a proposta da adopción do seguinte

ACORDO:

1. A través de todas as canles ao alcance do Concello de Neda apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2. Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:

a) Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbifóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c) Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG”.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita moción.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A RETIRADA DA CRUZ DOS CAÍDOS SITUADA NO LUGAR DO COTO

A portavoz do grupo municipal, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

“Nos xardíns denominados do Coto no concello de Neda existe un monumento que consta dunha cruz que na súa base ten unha gran placa de mármore con referencia aos caídos, comezando con José Antonio Primo de Rivera e a continuación os nomes veciños do Concello caídos no bando nacional.

As chamadas cruces dos caídos nas súa diversas formas -esculturas, monólitos ou placas-foron colocadas durante a ditadura por gobernos municipais e igrexa católica, seguindo as instrucións do Decreto de 1 de abril de 1940, un ano despois da vitoria fascista, para a construción da Basílica e a Cruz dos Caídos en Cuelgamuros (El Escorial). Ese decreto deixaba moi claro que o obxectivo era **“perpetuar a memoria dos caídos na nosa gloriosa Cruzada”**.

A iniciativa para levantar esas cruces partía, xa que logo, dos que gañaron a guerra, é dicir, das autoridades franquistas ou da Falanxe. Esas cruces que se levantaron por todo o Estado nunca poderán interpretarse como unha homenaxe a todos os que faleceron na guerra, senón como monumentos franquistas, de homenaxe aos “Caídos na nosa Cruzada de Liberación”, é dicir no bando dos vencedores.

O Parlamento Galego aprobaba, por unanimidade, unha declaración institucional o 18 de xullo de 2016 de “condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de Estado e os crimes e represión exercidas sobre as persoas vencidas”. “Eliminar os símbolos, as denominacións e referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

A Deputación da Coruña aprobaba o 26 de outubro de 2018, sen ningún voto en contra: “Instar os concellos da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións) distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enaltecemento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”.

A cruz dos caídos como a de Neda–“situada na vía pública nas que se realicen mencións conmemorativas e exaltación, persoal ou colectiva da sublevación militar e da Ditadura” –son monumentos franquistas, “elementos contrarios á memoria democrática”, como sinala o artigo 35.1. da **Lei de Memoria Democrática (LMD)**, e debe retirarse.

E o artigo 40 da LMD sinala que corresponde ás administracións públicas adoptar as medidas oportunas “para retirar recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura”.

SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO

Por se houbese algunha dúbida sobre a obriga de retirar esas cruces dos Caídos, en cumprimento da Lei de Memoria Democrática, unha sentenza do Tribunal Supremo crea xurisprudencia.

O Pleno de Callosa de Segura (Alacante) acordaba o 26 de xaneiro de 2017 a retirada da Cruz dos Caídos situada nun espazo público fronte ás portas da igrexa Arciprestal de San Martín, en aplicación da Lei de Memoria Histórica. Na cruz, colocada en 1942, figuraban os nomes de 81 persoas “Caídos por España”, e foi retirada en xaneiro de 2018. “Abogados Cristianos” presentaba un recurso que foi desestimado polos xulgados de Eltxe e polo Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana en febreiro de 2028. Finalmente, unha sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, coñecida en decembro de 2023, desestimaba o recurso da “Plataforma Ciudadana en Defensa de la Cruz” e avalaba o acordo municipal.

Sinala a sentenza do TS que esa cruz “supón **exaltación da sublevación miliar, da Guerra Civil e da represión franquista**”. “Estamos ante un símbolo relixioso -cruz- que contén elementos que impiden recoñecerlle un valor neutral como mero símbolo artístico ou artístico-relixioso. Pola contra, a súa presenza nun espazo público permite apreciar un acto de exaltación en canto contribúe a realzar o mérito daquela contenda civil coa inclusión da listaxe de falecidos dun só bando que, implicitamente, tamén conleva a reprobación do bando contrario na percepción social”.

CRUCES DOS CAÍDOS XA RETIRADAS

Fene retiraba a cruz dos caídos, inaugurada en 1953, que estaba xunto á igrexa do Divino Salvador de Maniños. O alcalde do PSOE en 2007, Iván Puentes, declaraba: “Temos que limpar, por decencia e xustiza, os nosos pobos de todo tipo de exaltación franquista”.

Ferrol, sendo alcalde Vicente Irisarri (gobierno PSOE-IU), coincidindo coa reforma da

praza de Amboage e en cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007, o 8 de xullo de 2010 foi retirada a cruz dos caídos, que foi inaugurada en 1940.

Lalín. Retiraba a placa franquista dun lateral da igrexa o 18 de maio de 2017. O párroco, que defendía a retirada desa placa, manifestaba: “É volver as cousas ao seu lugar, e este non era precisamente o lugar onde tiña que estar esa lápida” (*La Voz de Galicia*, 19-5-2017).

Cangas. Retiraba en maio de 2019 a placa cos nomes dos caídos do bando franquista e de José Antonio Primo de Rivera, situados nun lateral da Colexiata. O alcalde manifestaba que “non se fai máis que aplicar a Lei de Memoria Histórica e preservar o noso patrimonio”.

Vilagarcía. Retiraba en marzo de 2022 a cruz dos caídos da Igrexa de Santa Eulalia, que tiña o lema: "Por Dios, por España y su Revolución Nacional Sindicalista". Un auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 2 de Pontevedra rexeitaba a medida cautelar que solicitaba a Fundación Española de Abogados Cristianos para suspender os traballos iniciados porque, argumentaba, "se pretende eliminar una cruz latina y, por lo tanto, un símbolo religioso”.

O auto da xuíza sinalaba que “Abogados Cristianos” carecía de lexitimación para solicitar a paralización xa que "ni es titular del derecho a la libertad religiosa ni invoca o acredita un derecho de acción pública urbanística para poder interesar nada en relación con las decisiones que afectan al patrimonio de la iglesia". A comisión diocesana de arte sagrado do Arcebispado de Santiago consideraba "pertinente" retirar a cruz, deixando a parede como estaba antes da colocación dese monumento (*publico.es*, 22-3-2022).

Marín. Retiraba a cruz, as placas en memoria dos caídos e a inscrición de José Antonio Primo de Rivera do Templo Vello o 4 de abril de 2022.

Bueu. O Arcebispado de Santiago autorizaba en decembro de 2022 a retirada de simboloxía franquista das igrexas de San Martiño de Bueu, Santa María de Cela e Santa María de Beluso, que será executada polo concello.

Cambados. Retiraba en febreiro de 2023 a cruz dos caídos e dúas placas de mármore da fachada da igrexa parroquial de Santa Mariña Dozo. A obra foi executada polo concello co informe favorable de Patrimonio da Xunta de Galicia e de Arcebispado de Santiago. Será retirada ao Museo do Viño.

Narón retiraba en 2023 a cruz dos caídos na tapia do cemiterio de San Xiao (Narón), fronte á igrexa, con 55 nomes e o texto: “Caídos por Dios e por España. Jose Antonio Primo de Rivera...Presentes”.

Monfero. O Pleno municipal de decembro de 2023 acordaba: 1. Instar ao Arcebispado de Santiago a que retire a placa franquista da igrexa de Santa Mariña na parroquia de Taboada do concello de Monfero. 2. Ofrecer a colaboración do concello, tanto á igrexa

como a Patrimonio da Xunta para que a placa franquista sexa retirada á maior brevidade.

Por outra parte, o artigo 36.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD) sinala: "A Administración Xeral do Estado confeccionará en colaboración co resto das administracións públicas un catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática".

Por todo isto, o Pleno da Corporación de Neda

ACORDA

1. Retirar o monumento da Cruz dos Caídos dos xardíns do Coto en cumprimento de acordos do Parlamento Galego, da Deputación da Coruña e da Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática (BOE nº 252 de 20/12-2022) e da Sentenza do Tribunal Supremo, e co máximo respecto á familias dos nomes que aparecen nesa placa porque somos conscientes de que esas mortes foron tamén un drama para todas as familias e que algunhas das persoas que alí aparecen non foron voluntarias á guerra.

2. Comunicar, como Administración Local, ao Ministerio da Presidencia a existencia desa placa coa cruz dos caídos para a súa incorporación ao Catálogo de elementos contrarios á memoria democrática, que ten que ser retirado".

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 5 votos a favor da súa aprobación dos Sres./as. Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA, e 6 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE.

9º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE MOCIÓN PRESENTADA NESTE CONCELLO POR PARTE DE CIG-FERROL, BAIXO O TÍTULO "CAMPAÑA STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO"

A portavoz do grupo municipal, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

"A proposta da portavoz do BNG, Sra. Bouza Bellón, se propón elevar ao Pleno, como moción do BNG, a proposta de moción presentada neste Concello por parte de CIG-Ferrol, baixo o título "Campaña STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO", co seguinte tenor literal:

"Manuel Anxo Grandal Anca, en nome da CIG e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en pleno sobre Propostas da CIG na Campaña STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO que estamos a impulsar, e que sinala o seguinte:

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derogar as anteriores, especialmente a de Raxoi do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos

da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confirmábase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento de aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Impónse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa no permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe da Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por todos estes motivos, solicítase ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

1.- Instar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizo públicos na nosa terra.

2.- Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

3.- Reclamar ao Goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social”.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 3 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de BNG e MOVENEDA, e 8 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE e PP.

FORA DA ORDE DO DÍA

Ao abeiro do artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, e previa ratificación da urxencia por maioría absoluta, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, 3 votos en contra dos Sres./as Concelleiros de BNG e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP, sométese a consideración do Pleno a seguinte proposta da Alcaldía, de modificación parcial da moción aprobada na sesión plenaria de 29 de xaneiro de 2024, relativa “**a defensa do alto o fogo inmediato en Palestina**” moción presentada polo Concelleiro do grupo municipal MOVENEDA (Grupo Mixto), Sr. Caaveiro Puentes. A modificación que se propón é a seguinte:

A proposta do Concelleiro de MOVENEDA, o Pleno de 29 de xaneiro de 2024 aprobou unha moción relativa á defensa do alto o fogo inmediato en Palestina. Trátase dunha moción con sete puntos na súa parte dispositiva, un dos cales era -manter a bandeira Palestina na Casa Consistorial mentres dure a agresión sionista en curso-.

Trala súa aprobación, o goberno municipal considera que a bandeira Palestina non debe ondear na Casa do Concello, porque Palestina está recoñecido como Estado por moitos países da comunidade internacional, incluso por hasta 9 países membros da Unión Europea (non por España nin pola Unión Europea), e polo tanto, esa bandeira representa a un país, non a un colectivo, e de acordo co protocolo de bandeiras non deben ondear outras que non sexan as oficiais, isto é, as de Galicia, España e a Unión Europea, en este caso.

A pasada semana, o día 20 de marzo, recibíuse no Concello un requirimento da Valedora do Pobo, no cal comunica a queixa formulada polo Concelleiro de MOVENEDA para esixir o cumprimento do acordo de manter a bandeira Palestina na Casa Consistorial.

*De acordo con todo elo, **proponse ao Pleno a modificación parcial da moción aprobada no Pleno de 29 de xaneiro de 2024, no senso de deixar sen efecto, polas razóns expostas, o punto 6 da parte dispositiva: “manter a bandeira palestina na Casa Consistorial mentres dure a agresión sionista en curso”.***

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta de modificación parcial da moción aprobada polo Pleno en sesión de 29 de xaneiro de 2024, con 6 votos a favor da aprobación dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, 3 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as de BNG e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e coarenta e catro minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

Rematada a sesión do Pleno, o Alcalde concede a quenda de palabra ao público asistente, en primeiro lugar a D. Manuel Monge, para falar da Cruz do Caídos do Coto en relación coa Lei de memoria democrática, e seguidamente a D. Jorge López e outros afectados, para facer unha serie de preguntas en relación coas inundacións dos Ríos Beelle e Basteiro, todo o cal queda recollido como anexo á gravación audiovisual da sesión, cerrándose dita gravación cando son as catorce horas e oito minutos do día sinalado no encabezamento, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral